

**ACTA DO XURADO DO CONCURSO DE IDEAS DE NEGOCIO  
TRANSFRONTEIRIZO ENTRE ESCOLARES DE ENSINO SECUNDARIO E DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL DA PROVINCIA DE OURENSE, CONVOCADO  
POLO INORDE NO MARCO DO PROXECTO 0230\_CTC\_LIMIA\_LIMA\_1\_P**

En Ourense, na sala de xuntas da sede do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE), sendo as 10 horas do día 7 de xuño de 2018, reúnense as seguintes persoas:

**Don Francisco Javier Soto Varela**, xerente da área de empresas da Fundación San Rosendo.

**Dona Victoria Rois García**, secretaria xeral da Cámara de Comercio, Industria e Servizos de Ourense

**Dona Jesyca María Salgado Barandela**, profesora da Universidade de Vigo.

As persoas comparecentes foron designadas por resolución da Presidencia do INORDE de 1 de xuño de 2018 para integrar o xurado do concurso de ideas de negocio transfronteirizo entre escolares de ensino secundario e de formación profesional da provincia de Ourense, convocado polo INORDE no marco do proxecto 0230\_CTC\_Limia\_Lima\_1\_P

Actúa como secretario do xurado **don Francisco Cacharro Gosende**, secretario xeral do INORDE, conforme ao previsto no artigo 6º das bases reguladoras do concurso de ideas.

Asiste á reunión **don José Luis Garza Silvela**, da empresa Vida Láctea, SLU, encargada da xestión do concurso mediante contrato administrativo de servizos adxudicado pola Presidencia do INORDE, con funcións de asistencia técnica ao xurado para a valoración das ideas presentadas ao concurso.

Por unanimidade, o xurado acorda declararse validamente constituído, procedéndose ao inicio dos traballos de valoración das ideas presentadas a concurso.

O **Sr. Garza Silvela**, da conta da presentación en tempo e forma das seguintes cinco ideas de negocio:

- 1) **Proxecto Campo de Traballo Verán 2018**
- 2) **Love It, Live It**
- 3) **Disfruta Verín**
- 4) **Ruta XVIII**
- 5) **A Raia sen Lumes**

A continuación, efectúase unha ampla exposición do contido das cinco ideas de negocio.

Tendo en conta que o artigo 6.2 das bases reguladoras do concurso establece que o xurado deberá valorar catro aspectos en cada idea de negocio (grao de innovación, viabilidade práctica da idea, impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio e calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea) cun máximo total de 20 puntos, o xurado acorda outorgar unha puntuación máxima de 5 puntos en cada un dos aspectos obxecto de valoración sinalados.

Tra - lo estudo e debate ao respecto por parte dos membros do xurado, acordan, por unanimidade valorar as ideas de negocio nos seguintes termos:

**1) Proxecto Campo de Traballo Verán 2018**

Grao de innovación: o xurado estima que o proxecto non ten carácter innovador, dado que os campos de traballo para xoves existen dende hai moitos anos, polo que este apartado valórase en 0 puntos.

Viabilidade práctica da idea: malia que, en principio, un campo de traballo é unha idea que cabe considerar viable dende o punto de vista práctico, a memoria presentada non ten o desenvolvemento suficiente como para valorar a viabilidade concreta desta idea, polo que este apartado valórase en 1 punto.

Impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio: estímase que a realización dun campo de traballo pode ter un certo impacto no territorio dende o punto de vista socioeconómico e/ ou medioambiental, polo que este apartado valórase en 2 puntos.

Calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea: estímase que a calidade é baixa, dado o escaso desenvolvemento do seu contido na breve memoria presentada, polo que este apartado valórase en 1 punto.

**Valoración total Proxecto Campo de Traballo Verán 2018: 4 puntos**

**2) Love It, Live It**

Grao de innovación: o xurado considera altamente innovadora a idea central presentada, consistente na creación dunha APP (aplicando o concepto de co - working)

que reúna unha vinoteca e hidroteca on line na que estarían rexistradas todas as adegas e mananciais das comarcas de Monterrei e Alto Támega, e a través da que os usuarios poderían acceder a múltiples recursos turísticos, polo que se asigna 5 puntos neste apartado.

Viabilidade práctica da idea: o xurado considera que a idea ten plena viabilidade práctica, nos termos en que aparece desenvolvida na memoria presentada, ao responder a unha demanda potencial real do sector empresaria turístico da zona, polo que asigna 5 puntos neste apartado.

Impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio: o xurado considera que esta idea de negocio pode ter un impacto positivo de carácter socioeconómico no territorio (aínda que non se aprecia un impacto significativo no eido do medio ambiente) polo que asigna 3 puntos neste apartado

Calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea: o xurado considera correcto o grao de desenvolvemento da idea amosado na memoria presentada, asignando 4 puntos neste apartado

**Valoración total Love It, Live It: 17 puntos.**

### **3) Disfruta Verín**

Grao de innovación: o xurado considera que a idea de negocio presentada (consistente na oferta de rutas turísticas) non ten carácter innovador, ao tratarse dunha oferta de servizos turísticos estándar e xa existente no mercado, polo que neste apartado se asignan 0 puntos.

Viabilidade práctica da idea: o xurado considera que, en principio, pode ser unha idea viable, malia que a memoria presentada non achega datos para avaliar a viabilidade concreta do proxecto (por exemplo, non se achega un orzamento dos custes da posta en marcha) polo que neste apartado se valora en 1 punto.

Impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio: o xurado estima que o impacto socioeconómico e medioambiental sobre o territorio da idea é baixo, polo que se asigna 1 punto neste apartado.

Calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea: estímase que a calidade é baixa, dado o escaso desenvolvemento do seu contido na breve memoria presentada, polo que este apartado valórase en 1 punto.

**Valoración total Disfruta Verín: 3 puntos**

#### **4) Ruta XVIII**

Grao de innovación: o xurado estima que a idea presentada pode considerarse innovadora ao ter por obxecto un nicho de negocio escasamente explotado (turismo xuvenil, deportivo e de aventura) polo que asigna 4 puntos neste apartado

Viabilidade práctica da idea: o xurado estima que a viabilidade práctica da idea está acreditada na completa memoria presentada, que inclúe unha detallada previsión dos custes e un pequeno estudo de mercado, polo que asigna 5 puntos neste apartado.

Impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio: o xurado estima que a idea pode ter un impacto socioeconómico positivo no territorio, polo que asigna 3 puntos neste apartado.

Calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea: o xurado estima que a idea está exposta con amplitude e coherencia e cun alto grao de detalle na memoria presentada, polo que asigna 5 puntos neste apartado.

**Valoración total Ruta XVIII: 17 puntos**

**5) A Raia sen Lumes**

Grao de innovación: o xurado estima innovadora a idea presentada para o desenvolvemento dun obradoiro de emprego transfronteirizo e unha cooperativa para a prestación do servizo de viveiro forestal de especies arbóreas autóctona, a partir dun proxecto socio – educativo de prevención de incendios forestais, polo que asigna 4 puntos neste apartado.

Viabilidade práctica da idea: o xurado estima que a viabilidade práctica da idea é relativa, ao facerse depender en gran parte o seu financiamento da concesión de axudas públicas ou privadas ao proxecto, polo que asigna 3 puntos neste apartado.

Impacto socioeconómico e/ou medioambiental sobre o territorio: o xurado estima que o proxecto podería ter un importante impacto medioambiental no territorio, polo que asigna 4 puntos neste apartado.

Calidade e coherencia na estrutura e desenvolvemento da idea: o xurado estima como alta a calidade e coherencia do contido da memoria presentada, tendo en conta que foi elaborada por alumnos de 2º de ESO, polo que asigna 4 puntos neste apartado.

**Valoración total A Raia sen Lumes: 15 puntos.**

Tendo en conta o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no artigo 7 das bases reguladoras do concurso, o xurado, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Seleccionar para a súa participación na fase internacional do concurso transfronteirizo de ideas de negocio convocado polo INORDE no marco do proxecto 0230\_CTC\_Limia\_Lima\_1\_P aos equipos autores das seguintes ideas de negocio:

**Love It, Live It**

**Ruta XVIII**

**A Raia sen Lumes**

Sen prexuízo do anterior, o xurado acorda igualmente facer constar o seu agradecemento a tódolos participantes no concurso polo seu esforzo e interese neste proxecto.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a reunión ás 12 horas día 7 de xuño de 2018, recolléndose o actuado na presente acta. Dou fe.

**O secretario do Xurado,**

**Asdo: Francisco Cacharro Gosende**

